

Xosé Chao Rego

Xosé Chao Rego, escritor e teólogo galego, naceu o 23 de abril de 1932 en Vilalba e faleceu o 28 de novembro de 2015. Irmán do periodista e tamén escritor Ramón Chao e tío do cantante Manu Chao, estudou filosofía nas universidades de Salamanca e Madrid e filosofía en Roma. Foi párroco en Ferrol durante 17 anos e profesor de instituto en Vilalba e Santiago despois de secularizarse.

É considerado como o autor galego máis prolífico e é considerado como un exemplo de compromiso con Galicia, coa súa lingua e con todas as causas xustas. Publicou decenas de ensaios e de obras relacionadas con asuntos culturais e sociais, polo que dende o ano 2002 foi socio de honor da Asociación de Escritores en Lingua Galega.